

Concello de Ames
Anuncio

Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola subministración de auga

En sesión plenaria celebrada o 28 de abril de 2016 prestouse aprobación provisional á modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola subministración da auga, así como ao texto íntegro modificado desta.

Dito acordo de aprobación provisional foi sometido a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, no Boletín Oficial da Provincia núm. 88, de 10 de maio de 2016, e nos xornais "El Correo Gallego" e na "La Voz de Galicia", tamén do 10 de maio de 2016, sen que durante o referido prazo fora presentada ningunha reclamación.

De conformidade ao acordo plenario de 28 de abril de 2016, ao non terse presentado ningunha reclamación durante o prazo de exposición pública, o acordo de aprobación provisional quedou elevado a definitivo de maneira automática.

En cumprimento do previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), publícase o texto íntegro da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola subministración de auga.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA.

Artigo 1.º-Natureza e fundamento.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 e 20 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este concello establece a taxa pola subministración de auga, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, que atende ó previsto no artigo 57 da citada norma legal.

Artigo 2.º-Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de subministro de auga potable polo Concello de Ames, calquera que sexa a modalidade de réxime de xestión, que se concreta nas seguintes prestacións:

1.- Para os efectos de aplicar a taxa por subministro de auga potable distínguense os seguintes tipos de usos:

a) USOS DOMÉSTICOS. Son aqueles nos que a auga utilízase exclusivamente para atender necesidades primarias da vida, preparación dos alimentos e hixiene persoal. Aplícase esta modalidade exclusivamente a locais destinados a vivendas, sempre que neles non se realice actividade industrial, comercial, profesional, nin de servizos de calquera tipo.

b) USOS COMERCIAIS. Son aqueles nos que a auga utilízase para o acondicionamento, limpeza ou hixiene en establecementos profesionais, comerciais ou de servizos.

c) USOS INDUSTRIAIS. Son aqueles nos que a auga constitúa un elemento directo ou indirecto dun proceso de produción. Aplicarase esta modalidade a tódolos locais ou establecementos nos que se desempeñe unha actividade industrial, así como a centros de ensinanza, deportivos, clubs sociais e recreativos, garaxes e, en xeral, para todos aqueles non destinados a vivenda. Terán tamén a consideración de usos industriais aqueles usos, potencialmente domésticos, para os que, como resultado das inspeccións e análise que realizará o Servizo Municipal ou os laboratorios autorizados ao efecto, determinarase unha contaminación

improcedente das augas residuais, sen prexuízo das responsabilidades nas que incorrerá o actuante.

d) USO PARA OBRAS. Son aqueles nos que a auga se usa na construción.

2.- O servizo de verificación e desprecintado, mantemento e conservación de contadores, de acordo co previsto no regulamento do servizo.

3.- A actividade, técnica e administrativa, dirixida a verificar as condicións precisas para autorizar a conexión á rede municipal de subministro de auga e a contratación do servizo.

4.- Execución de acometidas de subministro de auga.

Artigo 3.º–Suxeitos pasivos.

1. Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, que soliciten a prestación do servizo ou sexan beneficiarios ou afectados deste en virtude de calquera título.

2. Terán a consideración de substitutos do contribuínte os propietarios dos inmobles afectados, que poderán repercutir as cotas, de ser o caso, nos respectivos usuarios.

Artigo 4.º–Responsables.

Responderán solidaria e subsidiariamente da débeda tributaria deste tributo as persoas ou entidades ás que se refiren os artigos 42 e 43 da Lei xeral tributaria , de acordo có previsto neles.

Artigo 5.º–Base imponible.

A base imponible da taxa regulada nesta ordenanza estará constituída :

Para o feito imponible sinalado no artigo 2.1 desta ordenanza, polo consumo de auga medido en metros cúbicos, sen prexuízo da esixencia adicional dunha cota de dispoñibilidade do servizo que será fixa, para cada tipo de uso, de acordo co sinalado no artigo seguinte.

Para o feito imponible sinalado no artigo 2.4 desta ordenanza, pola lonxitude da acometida que exceda dos cinco metros, sen prexuízo da esixencia adicional dunha cota polos cinco primeiros metros, de acordo co sinalado no artigo seguinte.

Nos resto dos feitos imponibles sinalados no artigo 2 desta ordenanza, a cota tributaria será determinada por aplicación do disposto no seguinte artigo desta ordenanza.

Artigo 6.º–Cota tributaria.

1. A cota tributaria establecerase de acordo co seguinte:

A. Para o feito imponible sinalado no artigo 2.1, sumando á cota de dispoñibilidade do servizo que en cada caso corresponda o importe que resulte de multiplicar o consumo rexistrado en metros cúbicos polo importe/metro cúbico asociado ao tramo de aplicación, de acordo co seguinte:

| A) USO DOMÉSTICO | |
|--|----------------------------|
| Cota fixa de dispoñibilidade do servizo | 5 €/mes |
| TRAMOS | €/m ³ consumido |
| 1º TRAMO: 0-10,999 m ³ /mes | 0,099210 |
| 2º TRAMO: 11 -20,999 m ³ /mes | 0,595263 |
| 3º TRAMO: 21-40 m ³ /mes | 0,831757 |
| 4º TRAMO: Máis 40 m ³ /mes | 1,419183 |
| B) USO COMERCIAL | |
| Cota fixa de dispoñibilidade do servizo | 5 €/mes |
| TRAMOS | €/m ³ consumido |
| 1º TRAMO: 0-10,999 m ³ /mes | 0,174327 |
| 2º TRAMO: 11 -20,999 m ³ /mes | 1,045961 |
| 3º TRAMO: 21-40 m ³ /mes | 1,341766 |
| 4º TRAMO: Máis 40 m ³ /mes | 2,282280 |
| C) USO INDUSTRIAL | |

| | |
|--|----------------------------------|
| Cota fixa de dispoñibilidade do servizo | 8 €/mes |
| TRAMOS | €/m³ consumido |
| 1º TRAMO: 0-15,999 m ³ /mes | 0,092170 |
| 2º TRAMO: 16 -30,999 m ³ /mes | 0,553019 |
| 3º TRAMO: 31-45 m ³ /mes | 0,821514 |
| 4º TRAMO: Máis 45 m ³ /mes | 1,431398 |
| D) USO PARA OBRAS | |
| Cota fixa de dispoñibilidade do servizo | 8,5 €/mes |
| TRAMOS | €/m³ consumido |
| 1º TRAMO: 0-15,999 m ³ /mes | 0,230464 |
| 2º TRAMO: 16 -30,999 m ³ /mes | 1,382785 |
| 3º TRAMO: 31-45 m ³ /mes | 1,778520 |
| 4º TRAMO: Máis 45 m ³ /mes | 3,711231 |

B. Para os feitos impositivos sinalados no artigo 2.2, pola aplicación dos seguintes importes:

| | |
|---|------------------|
| Mantemento e conservación de contadores | 0,335 €/mes. |
| Desprecintado do contador ou verificación e desprecintado en caso de instalación polo abonado (*) | 27,62 €/unidade. |

(*) Esta cota refírese á verificación e desprecintado en caso de instalación polo abonado e ao restablecemento do servizo de subministro de auga cando non se teña producido a extinción do contrato.

C. Para os feitos impositivos sinalados no artigo 2.3, pola aplicación dos seguintes importes:

| | |
|---|------------------|
| Enganche (conexión ou posteriores contratacións) | 80,64 €/unidade. |
| Fianza por subministro de auga a obras.(**)22,44 €. Fianza por subministro a domicilios ou locais.(**) | 179,49 €. |
| | |

(**)Previa á sinatura do contrato de subministro de auga potable procederase a depositar a fianza, que se devolverá ao rescindir o contrato, unha vez abonados os recibos ou liquidacións pendentes.

D. Para o feito impositivo sinalado no artigo 2.4, pola aplicación dos seguintes importes:

D.1 Acometidas de ata 5 metros de lonxitude:

| Ø Acometida | Pavimento | | |
|-------------|-----------|------------|--------------------|
| | Terra | Aglomerado | Baldosa- beirarrúa |
| ¾' (d=25mm) | 222,59€ | 299,74€ | 330,64€ |
| 1" (d=32mm) | 227,35€ | 329,15€ | 368,23€ |
| 1¼"-1½" | 249,69€ | 353,49€ | 390,57€ |
| 2" (d=63mm) | 261,33€ | 372,56€ | 409,64€ |

D.2 Para acometidas que excedan dos 5 metros, engadirase por cada metro os importes resultantes da aplicación do seguinte:

| Acometida | 1" (d=32mm) | 1¼"-1½" | 2" (d=63mm) | |
|-------------|-------------|---------|-------------|--------|
| ¾' (d=25mm) | | | | |
| Terra | 9,35€ | 9,75€ | 11,65€ | 13,76€ |

| | | | | |
|------------|--------|--------|--------|--------|
| Aglomerado | 26,65€ | 27,05€ | 28,95€ | 31,06€ |
| Beirarrúa | 32,83€ | 33,23€ | 35,13€ | 37,24€ |

Contadores:

a) Instalación de contador de 15mm en batería de contadores ou similar: 87,22€/unidad.

-Contador de 15mm

-Válcula antirretorno

-Pezas de conexión

b) Instalación arqueta ou armario 185,04€

- Arqueta 40x40 ou armario

-Contador de 15mm

-Válcula antirretorno

-Pezas de conexión

c) Contadores en función do diámetro, sen instalación:

| Diámetro: euros/unidade | |
|----------------------------|--------|
| 13 mm | 54,7 |
| 15 mm | 62,26 |
| 20 mm | 75,99 |
| 25 mm | 123,75 |
| 30 mm | 173,01 |
| 40 mm | 268,19 |
| 50 mm | 586,03 |
| 65 mm | 726,49 |

2. A cota regulada no apartados 1.A deste artigo quedará reducida nun cincuenta por cento para os contribuíntes que sexan beneficiarios da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA), así como para os acollidos a réximes protectores de carácter público análogos ao mencionado, nas seguintes condicións:

2.1. Esta redución ten carácter rogado, xurdindo efecto a súa concesión no período impositivo seguinte ao da solicitude.

2.2. Os interesados que desexen acceder a este beneficio deberán presentar a correspondente solicitude, con indicación expresa de que se solicita a redución da cota no servizo de subministro de auga potable, e xuntarán á mesma a seguinte documentación:

a) Fotocopia do NIF do solicitante, así como no seu caso, do seu representante, xuntando xustificante que acredite dita representación.

b) Fotocopia compulsada do acordo de concesión da RISGA ou réxime protector de carácter análogo.

c) Referencia e titularidade catastrais do inmovible no que se presta o servizo (poderá acreditarse achegando copia do recibo do imposto sobre bens inmovibles).

d) Certificado de empadramento na vivenda obxecto da solicitude

e) No caso en que o solicitante non sexa propietario do inmovible obxecto do subministro deberá achegar, ademais:

Fotocopia do NIF do propietario do inmovible.

Fotocopia do contrato de aluguer ou documento que acredite que o propietario do inmovible cede o uso do mesmo ao solicitante da redución.

2.3. Se a solicitude non reúne os requisitos sinalados nos puntos anteriores, requirirase ao interesado na forma establecida no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para que nun prazo de 10 días emenden a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa indicación de que, se así non o fixese, considerarase que desistiu da súa petición, logo de resolución ditada

para o efecto.

2.4. Tanto o propietario do ben inmueble obxecto do subministro como o beneficiario terán a obriga de comunicar á administración municipal calquera modificación nos datos relativos a esta redución.

2.5. No caso de renovacións, cando o réxime protector ao que estea acollido o interesado se acorde por un período de tempo determinado, deberase aportar fotocopia compulsada do novo acordo de concesión da RISGA ou réxime protector de carácter análogo.

2.6. O cambio de domicilio por parte do beneficiario suporá o cese no desfrute da redución con efectos no mesmo trimestre en que efectivamente se probe. O recoñecemento da redución nun novo domicilio requirirá da formulación dunha nova solicitude, e da achega da documentación indicada no punto 2 deste apartado

3. Os importes sinalados neste artigo veranse gravados co IVE que resulte de aplicación.

Artigo 7.º–Exencións e bonificacións.

Non se concederán outras exencións ou bonificacións que as expresamente previstas nas leis ou as derivadas da aplicación de tratados ou acordos internacionais

Artigo 8.º– Período impositivo e nacemento da obriga de contribuír.

1. O período impositivo coincidirá co trimestre natural. A obriga de contribuír nacerá o primeiro día do período impositivo, salvo nos casos nos que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada:

a) Na data de presentación da oportuna solicitude de alta no servizo, se o suxeito pasivo a formula expresamente.

b) Desde que teña lugar a efectiva acometida á rede de abastecemento de auga municipal. A obriga de contribuír producirase con independencia de que se obtivese ou non a autorización de alta e sen prexuízo da incoación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.

2. No caso de inicio de prestación do servizo de subministro de auga potable a cota fixa de dispoñibilidade ratearase por meses naturais. Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cantidades esixibles conforme ás tarifas serán irredutibles.

Artigo 9.º–Normas de xestión.

A) Autorización e execución de acometidas.

1. As persoas interesadas na obtención dunha autorización de acometida, previamente á presentación da oportuna solicitude, practicarán a correspondente autoliquidación no impreso facilitado polo Concello, procedendo ao seu ingreso, que acreditarán xuntamente coa correspondente solicitude.

2. En caso de executar unha acometida sen mediar a previa autorización do Concello, practicarase unha liquidación de oficio, sen prexuízo da apertura do correspondente expediente sancionador pola comisión dunha infracción tributaria.

3. Para proceder á execución dunha acometida á rede de subministro de auga potable, con anterioridade ao comezo das obras o interesado deberá ingresar en concepto de depósito previo o importe íntegro do orzamento que resulte da aplicación do disposto no artigo 6.1.D desta ordenanza. Rematadas as obras, e á vista do seu custe, o Concello, no seu caso, practicará a correspondente liquidación para esixir ou reintegrar ao interesado os importes que procedan.

B) Subministro de auga e mantemento e conservación de contadores.

i. O substituto do contribuínte está obrigado á presentar declaracións de alta, baixa ou modificación do servizo.

ii. Toda autorización para gozar do servizo levará aparellada a obriga de subscribir un contrato, instalar o contador -nos inmobles será particular para cada vivenda-, que deberá ser colocado en sitio visible e de fácil acceso de xeito que permita a súa lectura. A sinatura do contrato de subministro dará lugar a inclusión no censo correspondente.

- iii. Cada autorización será intransferible, e concederáse para un domicilio ou obra determinada.
- iv. Os volumes de auga consumida serán os medidos en cada momento polo contador.
- v. As variacións no caudal subministrado debidas a razóns climatolóxicas, avarías ou outras causas de forza maior non darán dereito aos usuarios ou abonados a reclamar ningunha cantidade.
- vi. A lectura do contador, facturación e cobro efectuaranse cada tres meses. O percibo desta taxa efectuarase mediante recibo. Ao se tratar dun cobro periódico, una vez notificada a liquidación de alta no censo procederá a notificación colectiva das sucesivas liquidacións mediante edictos que así o advirtan.

C) Para o resto de feitos impositivos a esixirase en réxime de autoliquidación.

Artigo 10.º–Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que lle correspondan a estas en cada caso, estarase ó disposto na Lei xeral tributaria.

Disposición derogatoria

Coa entrada en vigor da presente ordenanza fiscal queda derogada a anterior ordenanza fiscal reguladora da taxa pola subministración de auga.

Disposición derradeira.

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación, e entrará en vigor o 01/10/2016, unha vez se produza a publicación do seu texto íntegro no BOP. A presente ordenanza permanecerá vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Ames, 28 de xuño de 2016

O alcalde

José M. Miñones Conde